

«O novo libro reconcíliame co barrio de Monte Alto»

O escritor de orixe muxián presentou en Santiago o seu último poemario «Os papeis do vagabundo»

C. P. | SANTIAGO/LA VOZ. | 3/12/2010

O poeta, narrador e guionista Xosé Henrique Rivadulla Corcón (A Coruña, 1962) presentou na librería Pedreira, de Santiago de Compostela, **Os papeis do vagabundo**, publicado por Espiral Maior, a mesma editora na que apareceu **Taberna á deriva**. Rivadulla ten unha fonda vinculación con Muxía, de onde é a súa familia e onde regresa sempre que pode. Ao longo da súa carreira publicou tanto novela como teatro e poesía. Como autor dramático, súa foi a primeira obra estreada polo Centro Dramático Galego en 1985. Locutor de radio, guionista, director de programas e colaborador de prensa, na súa obra a Costa da Morte ten unha presenza importante.

-E xa leva catro poemarios, só lle falta escribir ensaio, o resto dos xéneros xa os abordou.

-Só me queda escribir ensaio, un xénero do que son lector e que sempre me anda pola cabeza abordar como autor, pero non me atrevo moito, porque implica moito respecto.

-O mar volve ser o tema.

-A diferenza con outros libros, nos que os temas son sempre o amor e o mar, neste é a Guerra Civil, que non tocara nunca. Está situado nos anos 40 na Coruña, e no barrio de Monte Alto, no que nacín, co que me reconcilia esta obra, porque os outros libros están vinculados a Muxía, coa que manteño unha relación moi fonda.

-¿Por que retrocede no tempo?

-É un libro narrativo, situado no relato lírico. De feito empeza cun texto que explica a orixe dos poemas, que

son do 2005, unha época na que pesaba moito no ambiente a reivindicación da memoria histórica, é iso influíu. Un non sabe as claves do que escribe cando o fai, valas descubrindo despois. E dalgún xeito enlace o meu pasado en Monte Alto co histórico, coa memoria que se mantén alí da Guerra Civil.

-¿O narrador pesa no poeta?

-O meu xénero é a poesía. E tamén a literatura infantil, que se me dá ben e deume moitas satisfaccións.

-¿Por que o título do poemario?

-O libro fala dun mariñeiro que trala Guerra Civil acaba convertido en vagabundo, de aí o título. No propio texto narrativo que abre o libro explícase a orixe dos poemas, que xorden da descuberta dunha caixa cos papeis do vagabundo.

-¿Para cando a próxima novela?



Rivadulla Corcón, na librería Pedreira de Santiago.

| IVÁN CASTELO

-Polo momento só teño unha para adultos publicada (ten máis para público xuvenil), e teño outras dúas entregadas en editoriais a espera de que haxa un momento para poder publicalas.